

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2013/06
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 28 de xuño de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **28 de xuño de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.
D. Xavier Campos López.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredo.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D.José Manuel Yañez Dablanca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga

Tco.Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.20.-CORRECIÓN DE ERROS DE ACORDO MUNICIPAL DE 10 DE XULLO DE 2012 EN EXPEDIENTE RELATIVO A DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS EN RIBADEO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Polo Sr.Alcalde dase conta das propostas de corección de erros de anterior acordo de 10 de xullo de 2012, en relación coa denominación de dous viarios, explicando o contido das mesmas.

As propostas son as seguintes:

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto anterior acordo plenario de data 10 de xullo de 2012 polo que na súa parte dispositiva se presta aprobación, por unanimidade, aos nomes propostos para as ruas e espazos públicos que se citan, en número de 21, e entre eles ao sinalado co número 7 “Estrada Xeral Vilar, desde Rotonda do Voar á Rotonda de Dompniñor. Avda.da Ria de Ribadeo.”

Vsito que se produciu un erro xa que nas rúas e espazos propostos no propio texto do acordo se sinalaba que a referida Avda. comprendía o tramo da Estrada Xeral Vilar dende a rotonda de Dompniñor , *en vez da do Voar*, á rotonda de Vilaselán

Visto o disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novemgro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administativo Común que sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interseados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta Alcaldía, PROPON que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopte polo Pleno municipal o acordo seguinte :

Sinalar que a Avda. da Ría de Ribadeo, comprende o tramo de “Estrada Xeral Vilar, desde Rotonda de Vilaselán á Rotonda de Dompniñor” rectificando, en consecuencia, o acordo adoptado que sinalaba dende a “rotonda do Voar”.

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto anterior acordo plenario de data 10 de xullo de 2012 polo que na súa parte dispositiva se presta aprobación, por unanimidade, aos nomes propostos para as rúas e espazos públicos que se citan, en número de 21, e entre eles ao sinalado co número 2 “ Avda. de Claudio Pérez Prieto” para a “vía transversal dende a estrada da Deputación na Lodeira ao camiño real da Lodeira”.

Vsito que no referido acordo se produciu unha omisión salientable para o que significou esta familia “Pérez Prieto” en Ribadeo toda vez que ademáis de Claudio tamén foi tratado nas deliberacións homenaxear ao seu irmán Manuel, médico, tamén de fonda raigame con Ribadeo que exerceu nesta Vila e dotado dun fondo espírito altruista igualmente para con esta terra.

Visto o disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novemgro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administativo Común que sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interseados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta Alcaldía, PROPON que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopte polo Pleno municipal o acordo seguinte :

Sinalar “vía transversal dende a estrada da Deputación na Lodeira ao camiño real da Lodeira”, co nome de “ Avda. dos irmáns PÉREZ PRIETO” en vez de cómo figuraba ata o de agora “Avda. Claudio Pérez Prieto”

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente as referidas Propostas para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia, acordándose en consecuencia:

1º. Sinalar que a Avda. da Ría de Ribadeo, comprende o tramo de “Estrada Xeral Vilar, desde Rotonda de Vilaselán á Rotonda de Dompíñor” rectificando, en consecuencia, o acordo adoptado que sinalaba dende a “rotonda do Voar”.

2º Sinalar “vía transversal dende a estrada da Deputación na Lodeira ao camiño real da Lodeira”, co nome de “ Avda. dos irmáns PÉREZ PRIETO” en vez de cómo figuraba ata o de agora “Avda. Claudio Pérez Prieto”

2013.02.21.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa por parte do Secretario Municipal, co seguinte contido:

“O Sr.Alcalde da conta da proposta de modificación de datos pasando a palabra ao Sr.Rodil Veiga que explica sintéticamente en que consiste a modificación que se reflicte na proposta que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

Unha vez tramitados os correspondentes procedementos administrativos relativos ao “ Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo” en virtude dos acordos plenarios adoptados a estes efectos con datas 232 de marzo e 17 de setembro de 2012 que foron publicados á súa vez nos BB.OO.PP. de Lugo números 120 e 262 de datas 26 de maio e 14 de novembro de 2012, foron remitidos con posterioridade á Axencia Española de Protección de Datos para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

Visto que a dita Axencia, remitiu escrito indicando que se procedía á inscrición dos mesmos agás de tres ficheiros, concretamente os denominados **TRIBUTOS-CONTABILIDADE, SERVICIOS SOCIAIS e XESTIÓN DE POLICIA LOCAL**, por observarse incidencias no tratamento dos datos previstos neses ficheiros que deberían ser corrixidas ao abeiro do disposto na vixente regulamentación sobre esta materia (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.).

Vista a proposta formulada, na súa consecuencia, polo departamento municipal correspondente e atendendo á modificación das incidencias indicadas en cada un dos ficheiros citados, esta Alcaldía,

PROPON, ao Pleno Municipal, previo ditame da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte acordo:

1º.- A modificación no ficheiro denominado **TRIBUTOS-CONTABILIDADE** no seguinte senso:

Donde dí:

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

Debe dicir:

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter Medio

2º.- A modificación no ficheiro denominado **SERVICIOS SOCIAIS** no seguinte senso:

Donde dí:

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos: DNI/NIF, nº de seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, data de nacemento, sexo, domicilio postal e electrónico no seu caso, nacionalidade, datos persoais, circunstancias sociais e familiares, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, nº conta bancaria, datos fiscais, de emprego, sobre violencia de xénero, saúde, relativos á imaxe, políticos, sindicais, orientacións sexual, relixioso e racial.

Debe dicir:

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos: DNI/NIF, nº de seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, sexo, imaxe, firma, nacionalidade, características persoais, familiares e sociais, datos académicos e profesionais, datos económico-financieros, datos fiscais, de emprego e sobre violencia de xénero.

3º.- A modificación no ficheiro denominado **XESTIÓN DE POLICÍA LOCAL** no seguinte senso:

Donde dí:

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, teléfonos, direccións electrónicas e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos indicados conforme sexan esixidos polas correspondentes disposicións legais.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter básico.

Debe dicir:

d) Estructura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF ou documento de identidade correspondente, CIF, enderezo, teléfonos, direccións electrónicas e demais datos precisos para a tramitación oportuna dos procedementos indicados conforme sexan esixidos polas correspondentes disposición legais. Datos de Infraccións administrativas.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para estes ficheiros son de carácter Medio

4º. A aprobación inicial das modificacións propostas do citado Regulamento.

5º. A exposición ao público aos efectos regulamentariamente previstos.

6º. Facultar a esta Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos termos indicados.

2013.03.22.- EXPEDIENTE NUMERO 03/2013 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“A instancia da Alcaldía, por Intervención dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2013.

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2013	Importe REC 03-2013
2.2	Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos		7.871,90
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos		3.730,00
TOTAL REC 03-2013			11.601,90

Visto e considerando o informe con reparos emitido polo Interventor Municipal de data 10 de xuño de 2013.

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas pola Administración, foron executadas a satisfacción desta e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.

Por todo o anterior, esta Alcaldía **propón ao Pleno** da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 03-2013 por importe de **11.601,90 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
JUSTO ALFONSO FERNANDEZ EXPÓSITO	Gastos suplidos e dereitos autos juicio 113/2010, fra. 48/2012 de 07.02.2012	1.149,17 €
MARIA LUISA PANDO CARACENA	Gastos suplidos e dereitos autos procedimient ordinario 7965/2007, fra. 210 de 01.11.2012.	450,43 €
RECYGES,S.L.	Recadación multas decembro 2.012, fra. 223/12 de 31.12.2012.	1.627,20 €
EL PROGRESO DE LUGO,S.L.	Publicidade felicitación fin de ano, fra. 11212-824 de 31.12.2012.	290,40 €
MEGASOFT RIBADEO,S.L.	Disco duro externo 500 e toner oki, fra. A470 de 31.12.2012.	123,80 €
FEVE	Transporte de drogodependentes a Burela. Fra. 18533961 de 31.12.2012	364,05 €
E.ON,C.U.R., S.L.	Suministro enerxía eléctrica vivenda tutelada mes de decembro 2012, fra. 316726179 de 11.12.2012.	607,58 €
CARMEN REGO RAMIL	Aluguer vivenda tutelada mes de decembro 2012, fra. 12/2012 de 31.12.2012.	1.316,17 €
MEGASOFT RIBADEO,S.L.	Toner samsung (2) e devolución anterior, fra. A473 de 31.12.2012.	89,00 €
CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	Xantar na casa 4º trimestre 2012. fra. 818 de 31.12.2012.	5.584,10 €
	TOTAL	11.601,90 €

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2013 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado na relación de facturas 44/2013, nas que se realizará a correspondente retención.”

A Comisión informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Municipal Popular e unha do

Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

Intervén o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE que dí que se abstivo na Comisión e que agora vai votar a favor; que hai un informe moi completo do Interventor e que da un pequeno “tirón de orellas” ao equipo de goberno. Dí que ogallá todos os informes fosen tan detallados, tan precisos e tan amplios xa que doutros departamentos non se pode dicir o mesmo.

O Concelleiro Sr.Reymóndez Gancedo, de UPRI dí que vai votar a favor. Dí que o informe é contundente e recorda ao equipo de goberno que lle faga caso para un maior control. Dí tamén que fai tempo que non ve un informe tan amplo, tan serio e tan imparcial.

A Concelleira D^a Azucena González Loreda, polo Partido Popular dí que comparte a posición do resto de Concelleiros e refírese a que respecto ás manifestación que fai o Sr.Alcalde de que están ao día nos pagos, non debe olvidarse de que houbo un plan ou programa para pago a provedores, do goberno central. Dí que o seu Grupo vai votar a favor que a xente ten que cobrar e que esta no seu dereito.

O Concelleiro Sr. Castro Reigosa, Delegado de Economía e Facenda dí que nuna conta foi tan “delgadiña” como esta e que se todas as facturas foran presentadas en tempo e forma podería estar xa resolto este asunto e aboadas. Dí que, en calquera caso, sempre quedará algunha factura pendente pero deberían presentarse sempre antes de rematar o ano.

O Sr.Alcalde incide no que dí o Concelleiro Sr.Castro Reigosa, referíndose a que sí é certo que son once mil e pico euros pero que non se vai referir a de que goberno son pero indicando que as cifras que viñan antes a recoñecemento extraxudicial non era de once mil senon de once mil multiplicado por dez e que moitas delas non era porque se pasaran de ano senon porque se gastaba moito mais.

Sometido a votación o ditame da Comisión indicado anteriormente resulta aprobado por unanimidade de todos os membros presentes.

2013.04.23.- EXPEDIENTE NÚMERO 07/2013 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

O Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“A instancia da Alcaldía dase conta polo Sr.Interventor do expediente epigrafiado e proposta da Alcaldía cuxo texto se transcribe:

“Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07 do Orzamento Xeral de 2013 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Resolución de Alcaldía de inicio xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentarse, en concreto a 920.15100, tendo en conta que a necesidade de maior consignación na partida en cuestión provén da vacante do posto de Secretario, que se atopa nunha comisión de servizos no Concello de Coruña, o que orixina a obriga de dotar a gratificación que percibe o substituto que exerce as funcións en acumulación (artigo 31.3 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo), e tamén a compensación vía gratificacións do desempeño de funcións que non lles corresponden por parte doutros funcionarios municipais que suplen na medida do posible dita ausencia.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de vinte e cinco mil cincocentos euros (25.500,00 €), e finánciase con anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co exposto na resolución que inicia o expediente, posto que estas corresponden ás retribucións ata o presente mes precisamente do posto de Secretario, que non serán precisas ata o remate do exercicio, conservando iso si as relativas aos meses restantes do ano, pola prudencia da súa posible reincorporación.

Visto o informe de Intervención emitido o día 06/06/2013 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de transferencias de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios de Administración Local, que sinala a competencia do Pleno da Corporación para determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 07-2013 de modificación do Orzamento Xeral de 2013 por importe de vinte e cinco mil cincocentos euros (25.500,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado con baixas, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

AUMENTO DE CRÉDITO.

ESTADO DE GASTOS					
PARTIDA	DENOMINACIÓN		IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
920.15100	Administración	Xeral.	500,00	25.500,00	26.000,00
	Gratificacións				
Total expediente de modificación de créditos 07/2013					25.500,00

BAIXA DE CRÉDITO

ESTADO DE GASTOS					
PARTIDA	DENOMINACIÓN		IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
920.12000	Administración	Xeral. Soldos do grupo A1	27.871,20	-6.600,00	21.271,20
920.12006	Administración	Xeral. Trienios	19.850,92	-1.950,00	17.900,92
920.12009	Administración	Xeral. Outras	14.333,13	-900,00	13.433,13

	retribucións básicas				
920.12100	Administración Complemento destino	Xeral.	46.714,56	-5.800,00	40.914,56
920.12101	Administración Complemento específico	Xeral.	100.956,36	-2.300,00	98.656,36
920.12103	Administración Complementos	Xeral. Outros	24.611,82	-1.350,00	23.261,82
920.16000	Administración Seguridade social	Xeral.	74.272,13	-6.600,00	67.672,13
Total expediente de modificación de créditos 07/2013					-25.500,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderáse que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

A Comisión informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Municipal Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno Municipal.

O Concelleiro do PSG-PSOE Sr.Gutiérrez Fernández dí que vai votar a favor.

Por parte de UPRI intervén o Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo que manifesta o seu voto a favor.

Polo Grupo Municipal Popular intervén a Concelleira Sra. González Loreda que manifesta que van a votar a favor polas mesmas razón que antes apuntaron, indicando que se a xente traballou ten que cobrar.Dí que non van a entrar para nada no fondo da cuestión, que é unha cuestión de persoal.

Sometido a votación o ditame de referencia resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

2013.05.24. DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE SEGUIDO PARA RESCISIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Pola Alcaldía dase a palabra ao Sr. Secretario que explica os últimos trámites realizados en relación co expediente de rescisión do contrato de obras do Pavillón Polideportivo de Ribadeo, significando que se ía traer ao Pleno para adopción dun último acordo para incautación das fianzas pero que xa se procedeu ao ingreso dos avais que garantizaban a execución da referida obra por parte da entidade financeira “La Caixa” e que so resta que ingresen os outros avais a entidade financeira BBVA, que segundo parece e polas conversas mantidas polo Interventor con responsables do Banco se realizará en breve.

A Comisión dase por enterada elevándose ao Pleno para coñecemento da Corporación Municipal.”

Sen promoverse deliberación, e previa explicación por parte do Secretario municipal dos trámites seguidos reiterando o dito na Comisión Informativa, a Corporación Municipal dase por enterada.

2013.06.25.- EXPEDIENTE PARA CAMBIO DE USO DOS TERREOS SITOS NA RÚA PACO LANZA ANTERIORMENTE ADICADOS AO GRUPO DE VIVENDAS DE PROFESORES.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto que desde o equipo de goberno e o resto de grupos da Corporación se están estudando posibles vías para facer realidade a construción dunha nova Residencia para persoas maiores en Ribadeo.

Visto que dentro das propiedades municipais que a día de hoxe se dispoñen como posibles ubicacións están os terreos sitos na rúa Paco Lanza, onde anteriormente se situaba o Grupo de Vivendas de Profesores.

Visto que eses terreos xa foron desafectados hai tempo do uso público ao que viñan sendo destinados, sendo agora bens patrimoniais municipais.

Visto que o acordo adoptado no ano 2008 de cesión de parte destes terreos para a construción dunha galescola pública non ten sido posible a xulgar polo

incremento sobrevido por parte da Xunta de Galicia ao pretender que o Concello tamén aportase unha contiosa cantidade económica para cofinanciar a construción da mesma, se ben neste momento a demanda de prazas de nenos e nenas é absorbida na súa totalidade pola outra Escola Infantil de Ribadeo, tamén dependente da Xunta de Galicia.

Visto que desde o Concello pretendemos eliminar todos os atrancos posibles que puideran existir a fin de dotar os terreos necesarios para a construción dunha moderna Residencia para o coidado e atención de persoas maiores de Ribadeo.

Visto informe emitido pola Secretaría Xeral desta Entidade sobre a situación urbanística e xurídica dos terreos urbanos de referencia sitos na rúa Paco Lanza desta Vila, anteriormente adicados a Grupo de Vivendas de Profesores, expediente número 6242.

Visto o disposto no artigo 47.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia :

“4. O Concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos.”

Esta Alcaldía,

PROPÓN, que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten os seguintes acordos polo Pleno Municipal:

1º.- Resolver a cesión coa reversión dos terreos cedidos, conforme ao disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por 1372/1986, de 13 de xuño (art. 111), por incumprimento dos fins a que se refire o acordo plenario de data 15 de setembro de 2008 polo que se prestaba aprobación definitiva a o expediente de cesión de uso dun terreo de 1202 m2. sito na rúa Paco Lanza a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a construción polo Consorcio dunha Galescola e cun prazo da cesión de 25 anos prorrogables por un período igual, toda vez que a día de hoxe non se teñen cumprido os fins para os que foi cedido nin se ten formalizado convenio algún de colaboración co Consorcio para a construción da Galescola.

2º.- A modificación dos usos da Ordenanza 5 do planeamento vixente (Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1977) conforme ao indicado artigo 47.4 da referida Lei 9/2002, cambiando o uso actual, cultural, polo de asistencial.

A Comisión informativa, por cinco votos a favor (catro dos membros do BNG e un do membro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo

Municipal Popular), acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

Intervén o Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE que dí que vai votar a favor, que está totalmente de acordo que no programa co que se presentaron ás eleccións xa levaban ese lugar concreto.

O Concelleiro de URPI Sr. Reymondez Gancedo manifesta que vai votar a favor.

Polo Grupo Municipal Popular intervén o Concelleiro Sr.Valín Valdés que manifesta que na liña do PP que sempre quixo unha residencia para Ribadeo, que no seu programa electoral ía como un dos proxectos estrela o de construír unha residencia en Ribadeo, aínda que non cun lugar concreto. Dí que participaron sempre en todo o relacionado coa instalación da residencia e nas reunións coa Conselleira e manifesta tamén que esta mañá recibiron a noticia de que os vai recibir o día 8 de xullo en Santiago.

Manifesta que o Grupo Popular vai votar a favor.

O Sr.Alcalde intervén e manifesta que este acordo leva dous puntos, un o de anular o anterior acordo de cesión dunha parte deses terreos para construción dunha galescola e outro o de cambio de uso para poder acoller o uso para residencia da terceira idade.

O Sr.Valín Valdés, manifesta que él non se referiu ao asunto da galescola de xeito deliberado.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia:

1º.- Resolver a cesión coa reversión dos terreos cedidos, conforme ao disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por 1372/1986, de 13 de xuño (art. 111), por incumprimento dos fins a que se refire o acordo plenario de data 15 de setembro de 2008 polo que se prestaba aprobación definitiva a o expediente de cesión de uso dun terreo de 1202 m2. sito na rúa Paco Lanza a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a construción polo Consorcio dunha Galescola e cun prazo da cesión de 25 anos prorrogables por un período igual, toda vez que a día de hoxe non se teñen cumprido os fins para os que foi cedido nin se ten formalizado convenio algún de colaboración co Consorcio para a construción da Galescola.

2º.- A modificación dos usos da Ordenanza 5 do planeamento vixente (Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1977) conforme ao indicado artigo 47.4 da referida Lei 9/2002, cambiando o uso actual, cultural, polo de asistencial.

2013.07.26.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E VARIOS TITULARES PROPIETARIOS NA RÚA PINTOR FIERROS.

Dase lectura, por Secretaría, ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto o texto definitivo do Convenio urbanístico entre o Concello e varios titulares propietarios na rúa Pintor Fierros desta Vila, cuxa aprobación inicial tivo lugar por acordo plenario de 23 de marzo de 2012.

Visto-los informes de Secretaría sobre o procedemento e do Arquitecto municipal sobre a valoración.

Visto igualmente que foi exposto ao público mediante anuncios no DOG núm. 73 de 17 de abril de 2012 e Diario Provincial El Progreso de Lugo, de data 30 de marzo de 2012, producíndose durante o período de información dúas alegacións por dona Maria Edith Gasalla López e dona Maria Teresa García Lastra.

Visto o disposto no artigo 237.3 e 4, da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia,

PROPONSE que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e varios propietarios na rúa Pintor Fierros, D. Manuel Jesús García Fernández-Mosqueira, titular da parcela de rfa. Catastral 7924002PJ5272S0001DJ, D. Valentín Izquierdo Rodríguez, titular da parcela rfa. Catastral nº 7924033PJ5272S0001RJ, e dona Maria del Carmen Jardón Castrillón, titular da parcela de rfa. Catastral nº 7924025PJ5272S0001TJ, segundo a proposta inicialmente asinada e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.”

Durante a deliberación e votación deste asunto abstense de intervir o Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez, de conformidade co disposto no art. 21 do R.O. F. e R.Xurídico das Entidades Locais, por razóns de parentesco cunha das persoas asinantes deste Convenio.

A Comisión informativa, por tres votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dous correspondentes aos membros do Grupo Municipal Popular e un correspondente ao Concelleiro de UPRI dentro do Grupo mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta para súa aprobación polo Pleno Municipal.”

Intervén o Concelleiro do PSG-PSOE Sr. Gutiérrez Fernández que manifesta que o que vai dicir neste punto é o mesmo que para o punto 8 e 9 e xa non intervirá nos dous seguintes. Dí que se vai abster, que non lle parece o sistema de convenios o mais axeitado dende o punto de vista de planificación dun instrumento xeral como é o Plan. Manifesta que primeiro é o Plan e logo os Convenios e que hai outros sistemas de xestión; que en todo caso estes tres convenios non teñen aspectos tan controvertidos como o que logo se vai ver á marxe destes, e que por coherencia coa postura que adoptou vaise abster, e polas mesmas razóns nos dous seguintes.

Intervén o Concelleiro de UPRI Sr. Reymondez Gancedo que manifesta que tamén por coherencia na postura que adoptou noutro Pleno vai votar a favor.

Polo Grupo Municipal Popular intervén o Concelleiro Sr. Valín Valdés que manifesta que o seu Grupo, como xa manifestou na Comisión, vai ter liberdade de voto e que él como portavoz dí que vai votar a favor e que vale para os tres convenios; que tamen serviría para o cuaro pero nese fará algunha matización, e respecto a este e aos dous seguintes dí igualmente que están dende un principio por sacar adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal que crê que é moi importante non so para o Concello senon fundamentalmente para os veciños e que pode ser un bon instrumento para un desenvolvemento económico moi positivo.

Manifesta que todos estes convenios están avalados polos informes técnicos que se foron desmenuzando nas diferentes xuntas de portavoces que tiveron co tema de urbanismo e que entende que prima o beneficio público e que por ise motivo van votar a favor dos tres convenios.

A continuación toma a palabra a Concelleira Sr. López-Braña Freije que manifesta que no seu Grupo consensúan todo pero que quere xustificar que non está en contra do Plan Xeral pero que considera que éste é unha norma política, necesaria para Ribadeo pero que non deixa de ser política. Manifesta que non está de acordo coa forma en que se levou este Plan de cara aos veciños, que hai falta de transparencia, obscurantismo, que non se contestan as alegacións e que aínda que pode ser legal e amparado pola xurisprudencia non lle parece ético que se lle dea a calada por resposta.

Dí a Sra. Concelleira que os veciños deben sabelo todo, porque se van legalizar certas edificacións que están fora de ordenación, e sobre estes convenios

pregúntase cal é o interese xeral indicando que non en todos prevalece ése interese xeral, que coincide co dito polo portavoz do PSOE.

Manifesta igualmente que o Plan non está para servir aos Convenios e insiste na falta de transparencia, que o Plan debe ser unha norma do pobo e non de catro grupos políticos e sen poñer en dúbida para nada a legalidade nin a tramitación manifesta que se vai abster.

Intervén, en nome do Grupo do BNG, o Sr. Alcalde e manifesta que lle vai dar a palabra ao Sr. Secretario polo tema de procedemento sobre as alegacións e que o que vai dicir tamén vale para todos os Convenios. Dí que se creou un método de traballo no mandato anterior, entre todos, e que houbo multitude de reunións, houbo consensos e sempre se buscou a resolución entre todos os Grupos sen que se impuxera ningún criterio particular por ningún Concelleiro. Fai unha defensa de todos os concelleiros e indica que o Plan Xeral de Ordenación Municipal non é o resultado do equipo de goberno senon de todos os Grupos, reitera de todos.

Refírese de seguido á exposición pública e aos períodos de información durante o ano 2008 e recentemente unha segunda exposición no 2012.

Respecto dos convenios dí que representan unha fracción moi pequena con relación ao Plan Xeral e manifesta igualmente que se fixeron co método que se creou entre todos, respectando os informes dos técnicos e atendendo sempre ao interese público sen que en ningún caso as persoas que quedan fora do convenio vexan mermados os seus dereitos. Indica tamén que todos os convenios levan unha cláusula de salvagarda por se non foran posteriormente aprobados polos Organos de urbanismo da Comunidade Autónoma ou por calquera outro motivo.

Intervén o Secretario da Corporación para referirse ás alegacións formuladas e aos criterios xurisprudenciais do Tribunal Supremo sobre a non contestación sobre as mesmas aínda que sí poderán examinar o resultado no Concello pero sen que se realice unha notificación de xeito individual, como remarca a última xurisprudencia do T.S., o que podería xerar máis problemas xurídicos para o Concello.

Rematada a deliberación, a Corporación en votación ordinaria por dez votos a favor (seis dos membros do BNG, tres do Grupo Municipal do PP e un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións (da Concelleira Sr. López-Braña Freije do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) presta aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e varios propietarios na rúa Pintor Fierros, D. Manuel Jesús García Fernández-Mosqueira, titular da parcela de rfa. Catastral 7924002PJ5272S0001DJ, D. Valentín Izquierdo Rodríguez, titular da parcela rfa., Catastral nº 7924033PJ5272S0001RJ, e dona Maria del Carmen Jardón Castrillón, titular da parcela de rfa. Catastral nº

7924025PJ5272S0001TJ, segundo a proposta inicialmente asinada e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.”

Durante a deliberación e votación deste asunto abstense de intervir, ausentándose do Salón de Plenos, o Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez, de conformidade co disposto no art. 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e art. 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime .Xurídico das Entidades Locais, por razóns de parentesco cunha das persoas asinantes deste Convenio.

2013.08.27.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E VARIOS TITULARES PROPIETARIOS NA RÚA DANIEL CORTEZÓN.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Municipal Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto o texto definitivo do Convenio urbanístico entre o Concello e varios titulares propietarios na rúa Daniel Cortezón desta Vila, cuxa aprobación inicial tivo lugar por acordo plenario de 23 de marzo de 2012.

Visto-los informes de Secretaría sobre o procedemento e do Arquitecto municipal sobre a valoración.

Visto igualmente que foi exposto ao público mediante anuncios no Diario Provincial El Progreso de Lugo, de data 30 de marzo de 2012 e no DOG núm. 73 de 17 de abril de 2012 sen que se presentase ningunha alegación.

Visto o disposto no artigo 237.3 e 4, da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia,

PROPONSE

que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e varios propietarios na rúa Daniel Cortezón, D. Manuel Jesús García Fernández-

Mosqueira, titular da parcela de rfa. Catastral 7924002PJ5272S0001DJ, dona Maria del Carmen Antonia Pillado Rodil, titular da parcela de rfa. Catastral 7924039PJ5272S0001SJ, don Carlos Manuel Vilela Sánchez, titular da parcela de rfa. 7924038PJ5272S0001EJ, dona Maria José Cotarelo Jardón, titular da parcela rfa. 7924005PJ5272S0001JJ e don Francisco Jardón Castrillón, titular da parcela rfa. Catastral 7924003PJ5272S0001XJ, segundo a proposta de convenio inicialmente asinada con data1 de marzo de 2012 e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.”

Durante a deliberación e votación deste asunto abstense de intervir o Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez, de conformidade co disposto no art. 21 do R.O. F. e R.Xurídico das Entidades Locais, por razóns de parentesco cunha das persoas asinantes deste Convenio.

A Comisión informativa, por tres votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dous correspondentes aos membros do Grupo Municipal Popular e un correspondente ao Concelleiro de UPRI dentro do Grupo mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta para súa aprobación polo Pleno Municipal.”

Tras deliberación que se realizou no punto da Orde do día nº 7 do anterior convenio, a Corporación en votación ordinaria, por dez votos a favor (seis dos membros do BNG, tres do Grupo Municipal do PP e un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións (da Concelleira Sr. López-Braña Freije do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) presta aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e varios propietarios na rúa Daniel Cortezón, D. Manuel Jesús García Fernández-Mosqueira, titular da parcela de rfa. Catastral 7924002PJ5272S0001DJ, dona Maria del Carmen Antonia Pillado Rodil, titular da parcela de rfa. Catastral 7924039PJ5272S0001SJ, don Carlos Manuel Vilela Sánchez, titular da parcela de rfa. 7924038PJ5272S0001EJ, dona Maria José Cotarelo Jardón, titular da parcela rfa. 7924005PJ5272S0001JJ e don Francisco Jardón Castrillón, titular da parcela rfa. Catastral 7924003PJ5272S0001XJ, segundo a proposta de convenio inicialmente asinada con data1 de marzo de 2012 e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.

Durante a deliberación e votación deste asunto abstense de intervir, ausentándose do Salón de Plenos, o Concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez, de conformidade co disposto no art. 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e art. 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime .Xurídico das Entidades Locais, por razóns de parentesco cunha das persoas asinantes deste Convenio.

2013. 09.28.-APROBACIÓN DEFINITIVA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E MARIA DEL CARMEN E MARÍA TERESA LAGE SUÁREZ EN AVDA.GALICIA-VIRXE DO CAMIÑO.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Municipal Informativa que se transcribe:

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA.-

Visto o texto definitivo do Convenio urbanístico entre o Concello de Ribadeo e María del Carmen e María Teresa Lage Suárez para posibilitar o desenvolvemento urbanístico en terreo sito en Avda. Galicia-Virgen del Camino da superficie da parcela catastral rfa. 7825101PJ5272N0001ZO, cuxa aprobación inicial tivo lugar por acordo plenario de 5 de marzo de 2013.

Visto-los informes de Secretaría sobre o procedemento e do Arquitecto municipal sobre a valoración.

Visto igualmente que foi exposto ao público mediante anuncios no Diario Provincial El Progreso de Lugo, de data 8 de marzo de 2013 e no DOG núm. 62 de 1 de abril de 2013 sen que se presentase ningunha alegación.

Visto o disposto no artigo 237.3 e 4, da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia,

PROPONSE

que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e Dona María del Carmen e Dona María Teresa Lage Suárez, para o desenvolvemento urbanístico do terreo sito en Avda. Galicia-Virgen del Camino, parcela catastral de referencia 7825101PJ5272N0001ZO, segundo a proposta de convenio inicialmente asinada con data 1 de febreiro de 2013 e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente

para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.”

A Comisión informativa, por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas correspondentes aos membros do Grupo Municipal Popular e unha correspondente ao Concelleiro de UPRI dentro do Grupo mixto), acorda ditaminar favorablemente a proposta para súa aprobación polo Pleno Municipal.

Tras deliberación que se realizou no punto da Orde do día nº 7 do anterior Convenio, a Corporación en votación ordinaria, por once votos a favor (sete dos membros do BNG, tres do Grupo Municipal do PP e un do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e dúas abstencións (da Concelleira Sr. López-Braña Freije do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) presta aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A ratificación do texto definitivo do Convenio entre o Concello de Ribadeo e Dona María del Carmen e Dona María Teresa Lage Suárez, para o desenvolvemento urbanístico do terreo sito en Avda. Galicia-Virgen del Camino, parcela catastral de referencia 7825101PJ5272N0001ZO, segundo a proposta de convenio inicialmente asinada con data 1 de febreiro de 2013 e documentación obrante no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, e especificamente para que dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo do Convenio se proceda á sinatura do mesmo.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,